

II Aberto “Festa da Istoría” 2017

BASES

- 1º O torneo terá lugar na Igrexa da Madalena en Ribadavia, o Sábado 30 de Setembro de 2017 a partir das 5 da tarde
- 2º O Sistema de xogo será o de Suízo a 7 roldas. Emparellamentos polo programa Swis-manager.
- 3º O Árbitro Principal será, cando menos, titulado pola FEGAXA e con licenza en vigor.
- 4º O Ritmo de xogo será de 10 min. + 3 seg./xogada.
- 5º A orde de forza inicial virá determinada polo ELO FIDE (Standard) dos participantes.
(En caso de que un xogador non teña ELO FIDE e dispoña de ELO oficial de rápidas, aplicarase este último)
- 6º A tolerancia por retraso será dun máximo de 15 minutos sobre o horario previsto para a primeira rolda, en calquera rolda posterior será de 5 minutos unha vez o árbitro indique o inicio da rolda.
- 7º Non estará permitido o emprego de aparellos electrónicos na sala de xogo, (teléfonos, reprodutores, etc...), a súa utilización suporá a perda da partida. (Calquera son relativo á recepción de chamadas, Whatsapp ou sms implicará a perda da partida)
- 8º A orde de desempates será a seguinte: **Buch. Brasileño (-1) / Nº de victorias / Progresivo**
- 9º Os participantes terán información do torneo, imaxes, clasificacións, etc nas webs www.xadrezourense.com e www.festadaistoria.com
- 10º Serán Xuveniles (S-18) os nados en 1999, 2000, 2001 E 2002, Infantís os nados en 2003 e seguintes.
- 11º A entrega de premios terá lugar unha vez rematada a competición.
- 12º Organización: Coordinadora Festa da Istoría Dirección Técnica: Club Xadrez Ourense
Director do Torneo: Elías Xosé González Gil
- 13º Para solventar imprevistos ou continxencias deportivas non previstas nas bases reunirse o comité de competición. Comporán o Comité de Competición: O Director do Torneo, o árbitro principal, e os 2 xogadores de maior ránking de entre os participantes, sendo suplentes os 2 seguintes.
- 14º Exixirase aos participantes unha adecuada conducta na sala de xogo durante toda a competición, o máximo respecto polo adversario, polo equipo arbitral, directivo e organizativo, e, en xeral , polo noble deporte do xadrez. As reclamacións deberán realizarse detendo o reloxo e solicitando discretamente a presenza do árbitro sin elevar o tono de voz e sin xestualizacións estridentes. Unha actitude contraria ó descrito acarreará a sanción da perda de partida ou incluso a eliminación do torneo do infractor.
- 15º Non se permitirán inscricións fora de prazo, salvo causa de forza maior e a debida xustificación.
- 16º A participación no torneo implica a aceptación íntegra destas bases. (A organización resérvase a ampliación ou lixeira modificación das mesmas)

PREMIOS

- 5 primeiros clasificados categoría Sénior (Trofeos + premios especiais*)
5 primeiros clasificados categoría Xuvenil (Trofeos + premios especiais*)
3 primeiros clasificados categoría Infantil (Trofeos + premios especiais*)

- *** **Obsequios conmemorativos para todos os participantes**
*** **Sorteos de premios especiais entre todos os participantes**

* Premios especiais:

- *** Estancias para 2 persoas en casas rurais da comarca do Ribeiro
*** Circuitos termais
*** Vales de ceas / xantares para 2 persoas en restaurantes do Ribeiro
*** Estuches especiais de Adegas do D.O. Ribeiro
*** Material deportivo para os máis xóvenes
*** Material Escolar para os máis xóvenes
*** E máis sorpresas...!